



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Temas e liñas de investigación en literatura e cultura galega do século XX		Código	613484029
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Profesorado	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Web	http://www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo dos temas e liñas de investigación máis relevantes e significativos da literatura e cultura galegas do s. XX.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.
A3	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.
A4	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.
A5	Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.
A8	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.
A9	Ser capaz de realizar achegas creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.
A11	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.
A12	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.
A13	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.
B1	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.
B2	Demostrar un compromiso ético contra as desigualdades.
B3	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade.
B4	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B5	Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B8	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación.
B9	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.	AM13	



Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.		BM1	
Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación.		BM8	
Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		BM9	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			CM1
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CM8
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.	AM2		
Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.	AM3		
Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	AM4		
Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.	AM5		
Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.	AM8		
Ser capaz de realizar achegas creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.	AM9		
Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.	AM11		
Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.	AM12		
Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.	AM13		
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.			CM6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			CM7
Demostrar un compromiso ético contra as desigualdades.		BM2	
Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade		BM3	
Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.		BM5	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			CM4
Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.		BM4	

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución metodolóxica.	O sistema literario e cultural no século XX. Obras, autores, xéneros e prácticas culturais.
A poesía de vangarda máis alá de Manuel Antonio.	Os 'novos': manifestos e proclamas. Os 'novos' vs. os 'vellos': un conflito xeracional? Produción poética: prensa periódica, prensa cultural, antoloxías, poemarios.
A 'nova narrativa?': contar un tempo novo.	Límites e alcance da 'nova narrativa'. A 'nova narrativa' e o proxecto cultural de Galaxia. Textos e contextos.
O teatro de Eduardo Blanco Amor: outra concepción do popular.	As propostas estéticas de Blanco Amor. Popularismo e culturalismo. Texto e representación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral		1	3	4
Lecturas		1	20	21



Actividades iniciais		1	0	1
Análise de fontes documentais		7	10.5	17.5
Seminario		10	20	30
Atención personalizada		1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Presentación oral individual por parte de cada alumno e de cada alumna dun asunto relacionado cos contidos da materia e decidido entre a profesora e o/a estudante.
Lecturas	Lectura obrigada dos textos literarios e dos textos críticos que a profesora indique na aula.
Actividades iniciais	Presentación inicial da materia e dos materiais sobre os que deberá traballar o alumnado e sobre os que se desenvolverá o seminario.
Análise de fontes documentais	Lectura e comentario de textos críticos, historiográficos, xornalísticos.
Seminario	Traballo en grupo coa finalidade do estudo intensivo dun tema. Discusión, participación, elaboración de documentos e conclusións nas que se envolveren todos os compoñentes do seminario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A profesora orientará aos e ás estudantes na preparación do seminario, das presentacións orais e na metodoloxía de análise das fontes de información.
Seminario	A orientación farase de forma individualizada, persoalmente, e tamén se facilitarán indicacións escritas cando for preciso.
Presentación oral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais		A profesora porá a disposición do alumnado os materiais obxecto de análise. O alumnado deberá ler e analizar estes materiais e participar na exposición das súas conclusións na aula.	30
Seminario		A profesora poderá solicitar a cada estudante a entrega por escrito das conclusións do seminario. Para participar no seminario, deberán levarse a cabo as lecturas pertinentes indicadas pola profesora.	30
Presentación oral		O/a estudante exporá na aula, durante un mínimo de 20 minutos e un máximo de 1 hora, as súas conclusións sobre un asunto que escollerá de entre os tratados na materia. A exposición será necesariamente oral, aínda que poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio. Para realizar a presentación oral deberán realizarse as lecturas obrigadas.	40

Observacións avaliación



A avaliación terá en conta a participación do alumnado no seminario (e a eventual entrega das conclusións por escrito) e nas sesións de análise de fontes documentais, integradas tamén no seminario, así como a presentación oral. Para poder levar a cabo con éxito estas tarefas, o/a estudante deberá realizar necesariamente as lecturas indicadas pola profesora.

Quen non supere a materia no mes de xuño, terá unha segunda oportunidade para facelo no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberánse presentar/realizar as actividades non superadas ou non presentadas anteriormente, de acordo coas indicacións específicas que dará a profesora. Terá a cualificación de "non presentado" quen non realice a presentación oral ou quen non asista e participe, cando menos, no 50% das sesións presenciais. O/a estudante que solicite e obteña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación, entre elas a substitución da avaliación da actividade realizada na aula pola súa entrega por escrito ou pola realización dunha proba oral, nunha data que se establecerá tendo en conta a disponibilidad do/a estudante.

Fontes de información

Bibliografía básica	Cada estudante deberá ler, ademais da selección de textos críticos que a profesora facilitará a través da plataforma moodle, un total de catro obras literarias, segundo as indicacións que se facilitan a seguir. A selección de obras por parte de cada estudante deberá coordinarse coa profesora no inicio das aulas. Grupo 1 (seleccionar dúas obras) Amado Carballo, Luís, Poesía galega completa, edición de Luís Alonso Girgado, Sotelo Blanco, Barcelona, 1994 [Proel (1927) e O galo (1928)]. Acuña, M. L., Fírgoas, ed. de C. L. Bernárdez e R. Nicolás, Xerais, Vigo, 1992. Casas, Álvaro de las, Antología de la lírica gallega, CIAP, Madrid, 1928 (prólogo de Basilio Álvarez). Correa Calderón, Evaristo, Ontes, 1928. López, Teresa, Sementeira de ronseis. Cinco poetas da vangarda, Espiral Maior, A Coruña, 2000. Montes, Euxenio, Obra en galego, I, Sotelo Blanco, Barcelona, 1984 [Versos a tres cás o neto (1930)]. Grupo 2 (seleccionar unha obra) Gonsar, Camilo, Como calquera outro día, Galaxia, Vigo, 1962. Méndez Ferrín, Xosé Luís, Percival e outras historias, Vigo, Galaxia, 1958. Queizán, M ^a Xosé, A orella no buraco, Galaxia, Vigo, 1965. Rodríguez Mourullo, Gonzalo, Memorias de Tains, Monterrey, Vigo, 1956. Grupo 3 (seleccionar unha obra) Eduardo Blanco Amor, Farsas para títeres, Edicións do Castro, Sada, 1973. Eduardo Blanco Amor, Teatro pra a xente, Galaxia, Vigo, 1974.
Bibliografía complementaria	Incluimos neste apartado unhas referencias críticas mínimas para o seguimento da materia. A profesora proporcionará información bibliográfica complementaria a través da plataforma moodle. Alonso Nogueira, Álex, ?Blanco Amor e a constitución do campo literario galego durante os anos de Galaxia?, Grial 184, 2009: 28-35. Capelán, Antón, ?Lectura a contrafío de A nova narrativa galega de M ^a Camino Noia?, Boletín galego de literatura 8, 1992: 61-77. Casas, Arturo, ?A poesía galega entre 1916 e 1936? en Tarrío Varela, Anxo, O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil, Hércules de edicións, A Coruña, 2000, pp. 85-213. Figueroa, Antón, Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia, Vigo, Xerais, 2001. Forcadela, Manuel, Manual e escolma da nova narrativa galega, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1993. González-Millán, Xoán, ?Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipótese de traballo para un estudio institucional da literatura galega?, Anuario de estudos literarios galegos 1994: 67-81. González Millán, Xoán, ?O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional. Achegas a un novo marco de reflexión?, Cadernos da lingua 17, 1998: 5-24. López, Teresa, ?Arredor da nova narrativa?, A Trabe de Ouro 37, 1999: 37-58. López, Teresa, O neotrobadorismo, A Nosa Terra, Vigo, 1998. Noia, Camino, A nova narrativa galega, Galaxia, Vigo, 1992. Pena, Xosé Ramón, Manuel Antonio e a vangarda, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996. Rabuñal, Henrique, ?Blanco Amor no teatro galego?, IV Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza, AGAL, A Coruña, 1996, pp. 307-332. Tato Fontaiña, Laura, ?O teatro de Eduardo Blanco Amor?, Cadernos da Escola Dramática Galega 99, 1993. Tato Fontaiña, Laura, ?O teatro dende 1936?, en Tarrío Varela, Anxo, O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil, Hércules de edicións, A Coruña, 2000, pp. 444-511.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións
Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico t.lopez@udc.es.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
--